Pero quizá o xeito mais claro de poñer de manifesto a falla de información e o incumprimento dos requisitos de *transparencia, claridad, concreción y sencillez* os atopamos precisamente no escrito de alegacións de NCG Banco ao manifestar que "Nadie podía imaginar que el contexto económico empeoraría de tal manera que la liquidez en el mercado secundario de participaciones preferentes se fuese a restringir de la manera tan fuerte en que lo ha hecho", "la contratación de este producto financiero conlleva una serie de riesgos implícitos que pueden afectar al resultado esperado" o "la posibilidad de perder, parcial o totalmente el capital invertido."

É dicir, pese a que "nadie podía imaginar" o que acontecería no mercado secundario, agora se alega o contido dunha cláusula escura, e pese a recoñecer que existía un *resultado esperado*, en ningún lugar se describen claramente o que agora se indica como "riesgos implícitos" e "la posibilidad de perder, parcial o totalmente el capital invertido.". É de resaltar neste punto o artigo 60.1 d do Real Decreto 217/2008 que damos por reproducido.

Como máis adiante se indica no escrito de alegacións de NCG Banco "lo único realmente relevante es comprender la **significación y riesgos esenciales del negocio de que se trate**" (a negriña é do escrito de alegacións), comprensión que dificilmente pode acadarse con cláusulas como a indicada, e que á vista do escrito de alegacións non supoñía un esforzo desproporcionado para a empresa como se pon de manifesto coa frase do escrito de alegacións respecto a "la posibilidad de perder, parcial o totalmente el capital invertido."

d) Que na Orde de Valores advérteselle claramente e de forma inequívoca que as participacións preferentes non son un depósito ao indicar o seguinte:

La presente emisión no constituye un depósito bancario y, en consecuencia, no se incluye entre las garantías del Fondo de Garantía de Depósitos.

Respecto a isto, debe indicarse que contrasta co contido do documento de Caixa Galicia "INFORMACIÓN MiFID", aplicable á adquisición de produtos financeiros como as participacións preferentes, que no seu apartado 2.4 *Protección de los activos de los clientes*, non se fala que respecto ás participacións preferentes non existe ningún tipo de protección, senón que se dá a entender o contrario ao sinalarse que:

En relación con los fondos mantenidos por cuenta de clientes, Caixa Galicia es miembro del Fondo de Garantía de Depósitos en Cajas de Ahorros, cuyo objeto es garantizar a los depositantes de las Cajas de Ahorros la recuperación de los saldos dinerarios y los depósitos de valores e instrumentos financieros hasta un importe máximo por depositante y para cada caso de 100.000 euros, en el supuesto de que se produzca una solicitud de declaración de concurso de la entidad o bien un impago de los depósitos vencidos y exigibles con declaración por parte de NCG Banco de España de que la situación financiera de la entidad imposibilita restituirlos en un plazo inmediato. Para más información acerca de la protección de los activos que los clientes de atención





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 54 45 12 - Fax 981 54 45 99
www.lgc.xunta.es

telf: 981903770

empresalia.com
separación y divorcio, herencias
reclamaciones, **despidos**
alcoholemia, tráfico, sucesiones
redacción de contratos, asistencia legal,
reclamación de deudas,
monitorios, **recobros**

Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

Caixa Galicia, pueden dirigirse a la Web de Banco de España www.bde.es o la Web del Fondo de Garantía de Depósitos www.fgd.es.

e) Que as participacións preferentes teñen carácter perpetuo como así se advirte na Orde de Valores ao indicar que:

Caja de Ahorros de Galicia informa al ordenante de que los valores reseñados en el recuadro 11 son participaciones preferentes emitidas por Caixa Galicia Preferentes, SAU, de carácter perpetuo, sin derechos políticos, salvo en los supuestos descrito en el folleto de la emisión, con derecho a recibir una remuneración predeterminada y no acumulativa condicionada a la existencia de beneficio distribuable y a las limitaciones impuestas por la normativa española sobre recursos propios en los términos igualmente indicados en el folleto de emisión, cuyo pago está garantizado solidaria e irrevocablemente por Caja de Ahorros de Galicia.

Respecto a isto non podemos máis que reiterarnos no contido do documento de Caixa Galicia "INFORMACIÓN MiFID", que no apartado 7.1 (Información sobre Instrumentos Financieros), as participacións preferentes aparecen dentro do apartado *Renta fija*, xunto con outros instrumentos financeiros como débeda pública, Cédulas hipotecarias, etc, sendo definidos estes instrumentos de *Renta fija* como "un amplio conjunto de valores que emiten tanto las empresas privadas como las instituciones financieras. El titular de los valores de renta fija tienen derechos económicos pero no políticos, ya que no es propietario de la sociedad. El más importante es el derecho de percibir los intereses y principal pactados."

Á vista desta última frase, parece evidente que entre os dereitos dos adquirentes de participacións preferentes está ademais do de perceber os xuros, o dereito de "percibir" o "*principal pactados*", o que é incompatible coa afirmación dunha información clara sobre a perpetuidade das participacións preferentes.

Así, a interpretación que calquera persoa media sen especiais coñecementos financeiros, como é o caso da parte reclamante, lle daría a esta cláusula, tanto polo seu contido como pola súa situación dentro do apartado *Renta fija*, é que polo adquirente de participacións preferentes poderíase "percibir" o nominal (principal), sen ter que acudir a un mercado secundario, e que non existiría perda dese nominal xa que cando existe este risco infórmase del como se consigna no apartado relativo aos *Depósitos estructurados que no garantizan capital*, onde se indica que "El cliente asume no sólo el riesgo de rentabilidad esperada, sino también del principal, total o parcialmente."

Por outra banda, a normativa de aplicación tamén avala esta interpretación, xa que debe indicarse que esa información atópase dentro dun condicionado xeral predisposto pola entidade reclamada, polo que, de acordo co establecido na Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, é de aplicación o seguinte: "*Las dudas en la interpretación de las condiciones generales oscuras se resolverán a favor del adherente*". (art. 6.2)

Criterio que é similar ao establecido no artigo 1288 do Código Civil ao establecer que "*La interpretación de las cláusulas oscuras de un contrato no deberá favorecer a la parte que hubiese ocasionado la oscuridad*."

Á vista do anterior non queda acreditada a información precisa sobre a perpetuidade das participacións preferentes.

Ao marxe de todo o anterior, na mesma Orde de Valores, ao referirse á cotización das participacións preferentes nun mercado regulado, fálase textualmente "*precio de amortización*" o que sen lugar a dúbidas dá a entender para unha persoa cos coñecementos dos da parte reclamante que existe un momento de amortización, o que é incompatible co carácter perpetuo que agora se indica que se informou á parte reclamante.

f) Que tanto o Folleto de Emisión como o Tríptico-resumo do mesmo foron entregados á parte reclamante dentro da información precontractual que foi subministrada pola entidade reclamada.

galicia

empresalia.com





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 54 45 12 - Fax 981 54 45 99
www.igc.xunta.es

telf: 981903770

empresalia.com

separación y divorcio, herencias

reclamaciones, **despidos**

alcoholemia, tráfico, sucesiones

redacción de contratos, asistencia legal,

reclamación de deudas,

monitorios, **recobros**

Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

En canto a esta alegación é preciso, en primeiro lugar, reiterar o xa mencionado anteriormente en relación á orde de compra de valores, no senso de que ditas alegacións non poden ser tidas en conta posto que no presente suposto non consta nin quedou acreditado que á parte reclamante lle fora entregado o Folleto de Emisión nin o Tríptico resumo do mesmo, aos que a entidade reclamada tamén fai alusión no seu escrito de alegacións.

En segundo lugar, e pese a non existir proba da entrega do Folleto de Emisión nin o Tríptico resumo do mesmo, debe sinalarse que para entender o contido do Folleto de Emisión, resulta obvio que son necesarios unha serie de coñecementos financeiros elevados, de difícil entendemento para o consumidor medio, e máis para persoas como os adquirentes, que non teñen estudos.

g) Que no Folleto de Emisión advírtese dos condicionamentos para o pago da remuneración, indicándose no mesma o seguinte:

Riesgo de no percepción de las remuneraciones.

El pago de la Remuneración estará condicionado a la obtención de Beneficio Distribuible (tal y como este término se define en el apartado III.4.7.1 de la Nota de Valores) y a la existencia de recursos propios suficientes de conformidad con la normativa bancaria que resulte de aplicación en cada momento.

Si en alguna fecha de pago, no se abonaran las remuneraciones, los inversores perderán el derecho a recibir la remuneración no percibida.

Ao marxe do que máis adiante se indicará sobre a "claridade" e "comprensión" desta cláusula, debe indicarse que na mesma se refire ao risco de non recibir a remuneración vinculado a *la obtención de Beneficio Distribuible (tal y como este término se define en el apartado III.4.7.1 de la Nota de Valores)*. Non obstante, non consta que se entregase ou informase á parte reclamante do contido da *Nota de Valores* onde se define o termo *Beneficio Distribuible*, o que, ademais, dunha falla de información esixible pola normativa reguladora do mercado de valores indicada, supón o seu carácter abusivo de acordo co citado apartado 20º da Disposición Adicional Primeira da LXDCU e o artigo 89.1 do TRLXDCU, en relación co artigo 82.1 do mesmo corpo xurídico.

En canto á claridade da cláusula, analizada a mesma ao abeiro da normativa de protección do consumidor, debe indicarse que existe unha vulneración da citada normativa.

En efecto, o artigo 10 da LXDCU establece que, *1. Las cláusulas, condiciones o estipulaciones que se apliquen a la oferta o promoción de productos o servicios, y las cláusulas no negociadas individualmente relativas a tales productos o servicios, (...) deberán cumplir los siguientes requisitos: a) Concreción, claridad y sencillez en la redacción, con posibilidad de comprensión directa, sin reenvíos a textos o documentos que no se faciliten previa o simultáneamente a la conclusión del contrato, y a los que, en todo caso, deberán hacerse referencia expresa en el documento contractual.*

Unha simple lectura da cláusula leva a conclusión de que estes requisitos non se cumpren na citada cláusula.

Pola súa parte, esta cláusula tamén vulnera a Lei 7/1998, de 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación. En efecto, nesta norma establece:

La redacción de las cláusulas generales deberá ajustarse a los criterios de transparencia, claridad, concreción y sencillez. (art. 5.5)

Un análise da cláusula pon de manifesto que é claramente escura e complicada, así para indicar que existe risco de non recibir os xuros, se fai baixo a enigmática frase de *El pago de la Remuneración estará condicionado a la obtención de Beneficio Distribuible (tal y como este término se define en el apartado III.4.7.1 de la Nota de Valores) y a la existencia de recursos propios suficientes de conformidad con la*

galicia

empresalia.com





Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

normativa bancaria que resulte de aplicación en cada momento, sen informar do contido da citada Nota de Valores.

Tendo en conta o perfil inversor dos reclamantes, a escuridade desta cláusula, a imposibilidade de comprensión directa ou valoración do risco de non percepción da remuneración ao non facilitarse ningunha información de o apartado III.4.7.1. de la Nota de Valores, a conclusión á que debe chegarse é a contraria á das alegacións da parte reclamada, isto é, que non existiu unha información suficiente, clara, comprensible y adaptada a las circunstancias, respecto á "posibilidad de no recibir remuneración alguna".

En relación cas cláusulas anteriormente desenvoltas e as que a entidade fai referencia ao longo de todo o escrito de alegacións, e ao folleto de emisión, salienta que se tratan de contratos de adhesión, nos que o cliente non intervéñ de forma algunha, polo tanto, non podemos atender a súa literalidade, xa que foron redactados pola propia entidade, e simplemente asinados polo cliente, sen ter conciencia do que se estaba contratando, tendo o convencemento de que subscribira un prazo fixo ou un produto similar.

Neste sentido pronunciase a recente sentenza da AP de Pontevedra, 1155/2012, da sección 6ª, do 25 de abril de 2012, ao indicar:

No existe duda que los documentos citados constituyen un supuesto de contrato de adhesión por cuanto el cliente no ha intervenido en forma alguna en la redacción de dichos documentos los cuales han sido elaborados por la entidad bancaria; ello es así aun cuando, por ejemplo, se indique en el Anexo II "que he decidido proceder, tras mi propio análisis, a realizar dicha suscripción", pues en todo caso y más allá de la literalidad de dicha expresión debe resultar acreditado que ha existido un conocimiento claro y plena conciencia por parte del cliente acerca de lo que contrata.

Tendo en conta o anterior, pode concluírse que a empresa reclamada incumpriu coas súas obrigas na comercialización destas participacións preferentes, especialmente no relativo á información vulnerando a normativa específica de aplicación, en especial o artigo 5 do Código Xeral de Conduta que establece:

3. La información a la clientela debe ser clara, correcta, precisa, suficiente y entregada a tiempo para evitar su incorrecta interpretación y haciendo hincapié en los riesgos que cada operación conlleva, muy especialmente en los productos financieros de alto riesgo, de forma que el cliente conozca con precisión los efectos de la operación que contrata. Cualquier previsión o predicción debe estar razonablemente justificada y acompañada de las explicaciones necesarias para evitar malentendidos.

En relación co anterior, debe sinalarse que o artigo 26 da LXDCU "Las acciones u omisiones de quienes producen, importan, suministran o facilitan productos o servicios a los consumidores o usuarios, determinantes de daños o perjuicios a los mismos, darán lugar a la responsabilidad de aquellos, a menos que conste o se acredite que se han cumplido debidamente las exigencias y requisitos reglamentariamente establecidos y los demás cuidados y diligencias que exige la naturaleza del producto, servicio o actividad."

No presente caso, pola empresa non se probou que se han cumplido debidamente las exigencias y requisitos reglamentariamente establecidos y los demás cuidados y diligencias que exige la naturaleza del producto, servicio o actividad, máis alá das simples manifestacións de que a parte reclamante foi suficientemente informada pola documentación obrante no expediente, especialmente a orde de compra de valores que se remite ao Folleto informativo. Unido esto último coas anteriores alegacións da empresa, non pode compartirse a mesmas, xa que trata de facer recaer sobre o adquirente unha responsabilidade que lle corresponde á empresa.

Por outra banda, segundo o artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, as participacións preferentes contabilizaban coma recursos propios das entidades de crédito.





Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

Non obstante todo o anterior, o que quedou acreditado é que a oferta que se fai son participacións preferentes da propia entidade, e non doutra, o que supón un interese evidente desa entidade pola comercialización das súas participacións preferentes.

Tendo en conta este último extremo, debe indicarse que a dilixencia que debe prestar a entidade reclamada na comercialización destes produtos, non só debe ser a esixible a un profesional, senón que debe ser aínda superior, como se expresa dun xeito claro no artigo 79.1: da Lei do Mercado de Valores ao indicar como unha obriga da empresa a) Comportarse con dilixencia y transparencia en interés de sus clientes, dilixencia que como xa se puxo de manifesto, non se produciu no presente caso.

h) A empresa reclamada indica que no Tríptico informativo se advirte do carácter perpetuo das Participacións preferentes.

En canto a esta alegación da empresa, debe indicarse que carece de relevancia no presente caso xa que non se acreditou a entrega á parte reclamante do Tríptico informativo ao que fai referencia.

En calquera caso, debe sinalarse que ese suposto carácter perpetuo non é tal se analizamos o tríptico, onde permite á empresa, pasados cinco anos, proceder á amortización das participacións preferentes.

Se ben e certo que a normativa reguladora das Participacións preferentes as considera como de carácter perpetuo na disposición adicional segunda, apartado 1 g) da Lei 13/1985, debe indicarse que a regulación do TRLXDCU do ano 2007, posterior a aquela regulación, de plena aplicación ao non ter un réxime transitorio e recollendo a doutrina do Tribunal Supremo sobre a posible resolución unilateral dos contratos indefinidos, establece unha limitación para este tipo de situacións en favor dos consumidores.

Así, o artigo 59.- *Ámbito de aplicación*, do TRLXDCU establece:

1. Son contratos con consumidores y usuarios los realizados entre un consumidor o un usuario y un empresario.

2. Los contratos con consumidores y usuarios se regirán, en todo lo que no esté expresamente establecido en esta Norma o en leyes especiales, por las disposiciones legales que regulan los contratos civiles y mercantiles.

La regulación sectorial de los contratos con los consumidores, en todo caso, debe respetar el nivel mínimo de protección dispensada en esta Norma.

Pola súa banda, no artigo 62 do TRLXDCU Contrato, se indica:

3. En particular, en los contratos de prestación de servicios o suministro de productos de tracto sucesivo o continuado se prohíben las cláusulas que establezcan plazos de duración excesiva o limitaciones que excluyan u obstaculicen el derecho del consumidor y usuario a poner fin al contrato.

4. Los contratos de prestación de servicios o suministro de productos de tracto sucesivo o continuado deberán contemplar expresamente el procedimiento a través del cual el consumidor y usuario puede ejercer su derecho a poner fin al contrato.

Tendo en conta todo o anterior, pode concluírse que nada impide o carácter perpetuo das participacións preferentes pero, de acordo coa normativa de protección ao consumidor, este non está vinculado con esa perpetuidade.

i) Que no momento da subscrición advertiuse á parte reclamante que o valor do mesmo (prezo de cotización) podería sufrir variacións así como da posibilidade de vender as participacións no mercado AIAF e que, por tanto, o prezo polo que podería vender o produto podería ocasionar perdas á parte reclamante.

Riesgo de liquidez. Aunque se vaya a solicitar la admisión a negociación de Participaciónes Preferentes Serie D en el AIAF MERCADO DE RENTA FIJA, no es posible asegurar que el inversor





Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

pueda venderlas con carácter inmediato ya que no existen garantías de que vaya a producirse una negociación activa en el mercado.

Respecto a esta alegación en nada afecta á cuestión obxecto deste laudo xa que non se está cuestionando a venda das participacións preferentes nun mercado secundario, senón as características da contratación.

6º.- Como outra das alegacións do escrito de NCG Banco, se indica que non existiu erro como vicio do consentimento, que este teña carácter esencial para que produza efectos anulatorios, a necesaria acreditación do erro, e o seu carácter escusable.

Respecto a estas afirmacións debe indicarse que do actuado no procedemento arbitral pode concluírse que ninguén dubida da existencia dunha contratación, cuestión distinta é o alcance da mesma. Neste senso, debe indicarse que os elementos esenciais do contrato suscrito entre as partes eran, por unha banda a entrega dunha cantidade de diñeiro polo reclamante, e por outra o pago duns xuros pola empresa reclamada.

Partindo do anterior, o esencial e determinante é saber qué tipo de contrato foi obxecto de celebración entre as partes. Se ben é certo que no eido dos contratos bancarios os contratos atípicos son habituais, non é menos certo que no tráfico mercantil cando por un cliente dunha entidade financeira se entrega unha cantidade de cartos a cambio dun xuro o lóxico é pensar que nos atopamos ante unha imposición a Prazo Fixo ou un produto de similares características.

No presente caso, partindo do feito da existencia dunha contratación, pero tendo en conta a ausencia de información clara e precisa, advertindo dos riscos deste produto, non cabe máis que acudir a normativa reguladora da interpretación dos contratos para determinar ante qué tipo de contrato nos atopamos, así no eido civil no artigo 1281 do Código Civil establece que "Si las palabras parecieran contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá esta sobre aquellas". E no artigo 1282 do mesmo corpo legal indícase que "Para juzgar la intención de los contratantes deberá atenderse principalmente a los actos de estos, coetaneos y posteriores al contrato."

Pola súa banda o artigo 65.- Integración do contrato, do TRLXDCU, establece que *Los contratos con los consumidores y usuarios se integrarán, en beneficio del consumidor, conforme al principio de buena fe objetiva, también en los supuestos de omisión de información precontractual relevante.*

Respecto a isto, no momento da audiencia, a parte reclamante manifesta *que tiñan cartos en dúas libretas e a entidade ofreceulles para mellor rendemento un produto que era moi difícil de adquirir, pero que cando o tiveran os chamarían. Definírono como moi interesante e que non tiña problema de retorno. Ao pouco tempo os chamaron dicíndolles que xa as tiñan e xa non lles deu tempo nin a pensalo. Recoñecen non ler o contrato no momento da súa sinatura. El ten problemas de visión e ela porque confiou na empregada da entidade da que é cliente,* circunstancias non desvirtuadas pola parte reclamada.

Tendo en conta o anterior, e todo o actuado no procedemento arbitral, parece lóxico pensar que nos atopamos ante un contrato consistente nunha imposición a Prazo Fixo ou nun produto de similares características.

Polo exposto, tendo en conta o perfil da parte reclamante, resulta obvio que a aparencia é a vontade da parte reclamante era, sen ningunha dúbida, a de subscribir unha imposición a prazo fixo ou un produto de similares características.

7º.- Como outra alegación se manifesta polo representante de NCG Banco a inexistencia das condicións desfavorables contra NCG Banco emitidas por órganos de revisión regulatoria.





Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

Respecto a esta afirmación debe indicarse que en nada afecta ao contido do presente laudo toda vez que no mesmo estase a analizar un caso concreto desde un punto de vista do seu axuizamento a través da arbitrase de consumo que, como se indica na sentenza do Tribunal constitucional 62/1991, é un equivalente xurisdiccional.

En relación con isto debe indicarse que, precisamente neste eido xurisdiccional, polo Xulgado de primeira instancia nº 1 de Cambados ditouse a recente sentenza do 10 de xullo de 2012 onde estima integramente a demanda interposta fronte a entidade NCG Banco pola comercialización, precisamente, de Participacións Preferentes.

Se temos en conta isto último, e a alegación de NCG Banco relativa a inexistencia de resolucións desfavorables contra NCG Banco emitidas por órganos de revisión regulatoria para xustificar a súa solicitude de rexeitamento da reclamación, a sensu contrario, aquel pronunciamento xudicial levaría a estimación da presente reclamación sen un maior análise do caso, algo que non pode compartirse.

8º.- Nas alegacións de NCG Banco indica que ao presente caso lle é de aplicación a doutrina dos propios actos xa que a parte reclamante mentres percibía a remuneración en forma de intereses non entabou reclamación ou queixa ningunha ata no momento no que o produto deixou de ser economicamente desfavorable. Isto, engaden, supón un retraso desleal que impide o exercicio extemporáneo dos dereitos en contra do actuar recoñecido.

Respecto a esta alegación non podemos máis que remitirnos ao indicado no apartado indicado máis arriba no senso de que existe unha "aparencia" idéntica entre unha Imposición a Prazo Fixo e a adquisición de Participacións preferentes (entrega de capital a cambio de xuros) polo que non pode considerarse que exista unha aceptación dunha situación que é "en aparencia" idéntica a outra e que esa aparencia queda desvirtuada cando, como consecuencia das circunstancias económicas, se produce unha diverxencia que doutro xeito non se tivera realizado.

Por todo isto se decide:

ESTIMAR a reclamación presentada de acordo co seguinte:

- NCG Banco deberá reintegrar á parte reclamante a cantidade de **9.349,32 €** correspondente aos títulos indicados no antecedente de feito terceiro que, de acordo co anterior e o aceptado polas partes no convenio arbitral, responde ao nominal da participación menos o diñeiro xa percibido polo adquirente en concepto de xuros e sumando o axuste por xuros que o cliente tivese percibido de ter subscrito no seu lugar un depósito a prazo fixo.

O pago desta cantidade deberá realizarse na conta asociada á conta de depósito de valores na entidade NCG Banco, podendo ser satisfeita igualmente por calquera outro medio que, de común acordo, determinen as partes.

- Declarar que a titularidade do valores obxecto deste laudo pasan a ser titularidade de NCG Banco desde o momento da data do laudo. A estes efectos, NCG Banco deberá realizar, a súa costa, todas as xestións precisas para o cambio de titularidade, e a parte reclamante deberá realizar as actuacións precisas para que NCG Banco poida realizar o cambio de titularidade.

Este laudo foi adoptado en **DEREITO**.

De acordo co Convenio Arbitral e a normativa reguladora do Sistema Arbitral de Consumo, se declara que ambas partes renuncian a calquera outra reclamación que teña como causa ou que garde relación co resolve neste laudo e, en consecuencia, declarase a obriga de acreditar esta renuncia perante as competencias pertinentes se así o solicita calquera deles, e a cumprir o laudo arbitral que se dite.



Xunta Arbitral de Consumo de Galicia

O prazo de cumprimento deste laudo é de 20 días desde a súa notificación.

Notifíquese ás partes o presente laudo, indicando que ten carácter de cosa xulgada, é vinculante, executivo e eficaz desde o día da súa notificación. Contra o mesmo, só cabe acción de anulación ante a sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da súa notificación, de conformidade cos artigos 40 e ss. da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraje. Tamén de acordo co establecido no artigo 43 da mesma lei poderá, no seu caso, solicitar a súa revisión conforme ao establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil para as sentencias firmes.

E, para que conste ditase, polo árbitro único na data indicada no encabezamento, laudo respecto das cuestións obxecto de litixio e que as partes someteron a arbitraje no seu día.

O árbitro

Antón Baeza Barrantes